

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SALVATERRA DE MIÑO****Urbanismo e Patrimonio***PUBLICACIÓN DA NORMATIVA URBANÍSTICA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS
NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL DE SALVATERRA DE MIÑO*

Por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 9 de agosto de 2019 outórgase a aprobación definitiva á Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Salvaterra de Miño referida ó “Uso de Garaxe”.

Efectuadas a publicación no DOG da citada aprobación e a inscrición da modificación no Rexistro de Planeamento Urbanístico,

De conformidade co artigo 82.3 e 4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, artigo 199.e e 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, procédese a publicar a normativa urbanística correspondente á citada modificación puntual:

1. RELATIVO Á CORRESPONDENCIA ENTRE AS “CATEGORÍAS” ELIMINADAS E AS NOVAS “CLASES” CREADAS

Modifícase o texto de cadanseu cadro onde, respectivamente, especifícanse as variables de ordenanza, concretamente as determinacións referidas ao uso garaxe.

Epígrafe "4.- Suelo Urbano : Ordenanzas de edificación y usos del suelo"

Subepígrafe "4.1.- Zona Urbana"

Cadro	Onde dí	Debe dicir
Ordenanza	USOS PERMITIDOS / Garaje	USOS PERMITIDOS / GARAXES
1.1 CASCO	Categoría 1ª y 2ª	Clases a), b), c)
1.2 MANZANA CERRADA	Categoría 1ª y 2ª	Clases a), b), c)
1.3 VIVDA. UNIF. AISLADA	Categoría 1ª	Clase c)
1.4 VIVDA. UNIF. ADOSADA	Categoría 1ª	Clase c)
1.5 ENTRE MEDIANERAS	Categoría 1ª y 2ª	Clases a), b), c)

Epígrafe "6.3.2.- Núcleos Rurales Existentes Tradicionales"

Subepígrafe "6.3.2.2 Núcleo Rural Exist. de Baja Densidad Permite Uso Garaje (1ª)"

Cadro	Onde dí	Debe dicir
Ordenanza	USOS PERMITIDOS / Garaje	USOS PERMITIDOS / GARAXES
NÚCL. RUR. EXIST. BAJA DENS	Categoría 1ª	Clase c)



Mércores, 9 de outubro de 2019

Núm. 194

2. RELATIVO Á DENOMINACIÓN DA CLASE "a" DE APARCADOIRO

Para para eliminar posibles ambigüedades coa denominación actual "Aparcamiento público" derivadas da titularidad do chan (privado) e do seu uso (público), esta clase pasará a denominarse considerando a súa característica máis selectiva, a da transitoriedade ou rotación no uso. Así, denominarase "Clase "a" Aparcadoiro con uso transitorio ou de rotación"

3. RELATIVO ÁS CONDICIÓN DO "USO DE GARAXES", PARA ÁMBITOS CONCRETOS DAS ORDENANZAS "1.2" E "1.5", DO SOLO URBANO

Para os ámbitos citados que, nos planos numerados "2.2 / 2.4 / 2.5 / 2.8" se reflicten en forma de zonas grafiadas coa raiado diagonal correspondente á lenda "Espacio libre de Uso Privado" :

As determinacións de aplicación serán, con carácter específico, aquelas reflictidas nos 14 subepígrafes incluídos no epígrafe "3.4.10.3. CONDICIÓN DO USO DE GARAXE APARCAMENTO" matizadas do modo en que, a continuación, recóllese para os mesmos; máis as tres determinacións referidas a "capacidade", "pavimento", e "saneamento" que se relacionan a seguir das anteriores:

1. Aplicación íntegra
2. Aplicación íntegra exceptuando : o texto referido á "zona de trasteiros", o texto referido ó "trasteiro anexo ", e máis o texto referido á "independización" das prazas de aparcadoiro, que non son de aplicación.
3. Aplicación íntegra
4. Aplicación íntegra
5. Aplicable cando as ramplas, en intemperie, precísense por esixencia dos condicionantes topográficos preexistentes.
6. Os aparcadoiros de máis de 45 prazas disporán de viaria de acceso (ou camiño de rodaxe) de entrada e viaria de acceso de saída, independentes; ou viaria de acceso dobre, de 4,50 m. de ancho, desde o encontro con vía pública
7. Non é de aplicación
8. Non é de aplicación
9. Aplicación íntegra
10. Non é de aplicación
11. Aplicación íntegra
12. Non é de aplicación
13. Aplicación íntegra
14. Aplicación íntegra

Capacidade: A superficie será igual ou superior a 120 m², correspondente con 6 prazas de aparcadoiro. O cociente de ocupación será de (20 m² / aparcadoiro).

Pavimento: Proverase dun tratamento superficial de conglomerado (asfáltico ou hidráulico) ou pétreo (lastra ou laxa) que proporcione unas boas condicións para a limpeza, o tránsito rodado e peonil, e a escorrentía da auga pluvial.



Mércores, 9 de outubro de 2019

Núm. 194

Saneamento: Proverase dunha rede de puntos de recolleita do auga pluvial que, de modo previo á súa acometida á rede pública de saneamento, concorra nunha arqueta separadora de graxas, rexistrable para o seu control e limpeza

4. RELATIVO, EN SOLO URBANO, Á CONSIDERACIÓN COMO SOLOS LIBRES DOS SOLOS INTERIORES DE CUARTEIRÓN, E Á APLICACIÓN NOS MESMOS DO "USO DE GARAXES"

Tras o cadro de variables de Ordenanza (epígrafe "4.- SUELO URBANO" / "4.1.- Zona Urbana" / Cuadro " Ordenanza 1.2 MANZANA CERRADA"

Onde dí "Los espacios interiores de manzana tendrían la consideración de espacios libres de uso privado"

Debe dicir Os espazos interiores de mazá pechada, ou cuarteirón, grafiados como "Espazo libre de uso privado" terán a consideración de espazos libres nos que se permite o "Uso de Garaxe" na súa "Clase a) Aparcadoiro con uso transitorio ou de rotación". Neles será de aplicación a normativa específica do "Uso de garaxes" aplicable a estas zonas. Esta determinación é aplicable tanto a parcelas do borde, edificadas ou non, con fronte a via pública como a parcelas do interior sin fronte á via pública.

5. RELATIVO, EN SOLO URBANO, Á CONSIDERACIÓN COMO SOLOS LIBRES DOS SOLOS POSTERIORES A FRONTE CONTÍNUA EDIFICADO, E Á APLICACIÓN NOS MESMOS DO "USO DE GARAXES"

Tras o cadro de variables de Ordenanza (epígrafe "4.- SUELO URBANO" / "4.1.- Zona Urbana" / Cuadro " Ordenanza 1.5 ENTRE MEDIANERAS"

Debe dicir Os espazos posteriores á fronte continua edificado entre medianeiras , grafiados como "Espazo libre de uso privado" terán a consideración de espazos libres nos que se permite o "Uso de Garaxe" na súa "Clase a) Aparcadoiro con uso transitorio ou de rotación" . Neles será de aplicación a normativa específica do "Uso de garaxes" aplicable a estas zonas. Esta determinación é aplicable tanto a parcelas do borde, edificadas ou non, con fronte a via pública como a parcelas do interior sin fronte á via pública

Documento asinado electrónicamente na marxe.

A alcaldesa

